Nº6

BOLETÍN AURORA

✦ SETEMBRO - OUTUBRO DE 2026

VIVENDA E SALARIOS DIGNOS PARA A CLASE TRABALLADORA: FOLGA XERAL 11N

A finais do pasado mes de setembro, o desafiuzamento en Madrid de Maricarmen foi a espoleta para que a loita polo dereito a unha vivenda digna para a clase traballadora ocupase os tempos e os espazos.

Moito antes, as loitas dos sindicatos de inquilinas xa viñan alertando da mercantilización deste ben básico e primordial para a vida de todos e todas.

Tamén as organizacións sindicais de clase, sinaladamente os sindicatos combativos viñan advertindo do progresivo e rápido empobrecemento da clase traballadora, especialmente aquelas persoas en situación máis precaria, que vemos desaparecer as tímidas subas salariais nos petos de banqueiros, empresarios e rendistas pola alza dos precios dos alugueres.

Ante esta situación, foi convocada pola maior parte das organizacións sindicais de clase, por impulso da Confederación de Sindicatos de Inquilinas, unha Folga Xeral de 24 horas para o 11 de novembro de 2026.

Sen unha vivenda e unhas condicións laborais dignas non podemos falar de acceso á cultura, non hai unha educación en igualdade de condicións, non hai posibilidade dun ocio libre e liberador, non hai unha vida digna de tal nome.

Por iso, o Ateneo Aurora participa desde o primeiro momento na constitución do Comité municipal de apoio á Folga Xeral do 11N na Coruña, xunto a máis de 35 entidades sociais, sindicais, culturais, xuvenís, etc., participando das actividades a prol da folga no noso barrio do Agra do Orzán e o resto da cidade, na medida das nosas modestas forzas.

O 11N parámolo todo polo dereito a unha vivenda e salarios dignos.





Contacta, comparte e difunde:

Enderezo:
Casa Sindical da CGT da Coruña
Entrepeñas, nº6, baixo
15010 A Coruña

Páxina web:
memorialibertarianagaliza.org/

Correo electrónico:
ateneoaurora@gmail.com

Facebook:
/ateneo.aurora

X (twitter):
@AteneoAurora

Instagram:
@ateneoaurora



ACTIVIDADES - Setembro e Outubro de 2026

11 de setembro de 2026

Cineforum Aurora “Cancións para despois dunha guerra”

Proxección da película dirixida por Basilio Martín Patino no ano 1976 que aborda con imaxes do NODO e o uso da música popular da época, os tempos da postguerra e o franquismo, que foi seguida un ameno faladoiro.



9 de outubro de 2026

Cineforum Aurora “Tamén a choiva”

Proxección do filme de Itziar Bollaín, do ano dirixida por Basilio Martín Patino no ano 2010 con dúas liñas argumentais que nos achegan á crueldade da Conquista e, paralelamente, á chamada Guerra da Auga que tivo lugar contra a privatización da auga en Cochabamba.



6 de outubro de 2026




1ª sesión de outono de 2026 no Club de lectura Aurora

Faladoiro sobre a novela “Circe ou o pracer do azul” de Begoña Caamaño (a que se lle dedicou o Día das Letras galegas 2026).
Tempo para falarmos de feminismo, de clásicos reinterpretados... nunha sesión adiada polas mobilizacións do dereito á vivenda.

29 de outubro de 2026

2ª sesión de outono de 2026 no Club de lectura Aurora

Faladoiro sobre a novela “Historia de una maestra” de Josefina Aldecoa.
Unha crónica que nos leva polos camiños do ensino nas primeiras décadas do século XX.



ACTIVIDADES - Setembro e Outubro de 2026

25 de setembro de 2026

Palestra “Mulleres na Revolución Social” a cargo de Yanira Hermina Martín

A historiadora Yanira Hermida Martín impartió unha interesante conferencia sobre o papel das mulleres en diferentes episodios e procesos revolucionarios ao longo da historia da clase obreira: dende a Revolución Francesa ata a actualidade, pasando pola Comuna de París, as revolucionarias anarquistas rusas de principio de século XX, a singular experiencia da agrupación de Mujeres Libres na Revolución española de 1936, ata chegarmos ás loitas das mulleres zapatistas en México e o sinalado papel das mulleres do Kurdistán, xa nos nosos tempos.
Con esta conferencia, a CGT da Coruña e o Ateneo Aurora conmemoramos o 90 aniversario da Revolución Social.







BIBLIOTECA E ARQUIVO OBREIRO “AURORA” - novidades

“La batalla por la enseñanza y la cultura en la Segunda República”, de Beatriz García

Un repaso polos esforzos desenvolvidos nos tempos da II República por facilitar ás clases populares o acceso á educación e á cultura... un esforzo truncado pola sublevación fascista de 1936, coa finalidade de recuperar a memoria histórica e reaxir a loita en defensa da igualdade e por unha sociedade mellor.
Doazón da súa autora á nosa Biblioteca e Arquivo obreiro Aurora, xa forma parte dos nosos fondos bibliográficos.



VINDEIRAS ACTIVIDADES: NOVEMBRO DE 2026

13 de novembro de 2026

Nova sesión do Cineforum Aurora: "Patagonia rebelde"



26 de novembro de 2026

Nova sesión do Club de Lectura Aurora: "Virtudes (e misterios)" de Xesús Fraga



27 de novembro de 2026

Concerto "Nosotras. Mulleres na obra de Rafael Amor"

Con motivo dos actos polo 25N Día contra a violencia machista, este concerto é un percorrido emocional e comprometido pola ollada de Rafael Amor sobre as mulleres. a través dunha escolma de cancións e textoscheos de tenrura, dor, denuncia, dignidade e sobre todo esperanza.
Taquilla inversa - Hora por determinar.



Vindeira Asamblea

Venres, **13 de novembro de 2026, ás 17:30 horas,** na **Casa Sindical da CGT da Coruña**, terá lugar unha nova **Asamblea.**

Participa en AURORA faite socio/a:

Formulario na web:
memorialibertarianagaliza.org